

RESOLUCIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2023, DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE CELEIRO - LUGO, POLA QUE SE ESTABECE O CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ (MARISQUEO XERAL), PARA O ANO 2024, NA AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DE SAN COSME DE BARREIROS E NAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE CELEIRO E O VICEDO.

Segundo o establecido na normativa que se relaciona:

- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.
- Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007 do 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
- Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé e a corrección de erros desta Orde (*DOG. n.º 113 xoves, 14 de xuño de 2012*).
- Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

Esta xefatura territorial, no exercicio das súas competencias, acorda establecer o calendario para a renovación anual dos permisos de explotación para o marisqueo a pé na Agrupación de Mariscadoras de San Cosme de Barreiros e nas confrarías de pescadores de Celeiro e O Vicedo.

Prazo de presentación de solicitudes: **do 21 de xuño ao ao 21 de xullo de 2023, ambos incluídos.**

Para a renovación dos permisos deberán presentar a seguinte documentación:

1. Modelo de solicitude normalizada: ANEXO II da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG n.º 13, do 21-01-2016*), dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

Conforme ás Aclaracións do 10 de marzo de 2021 do Servizo de Xestión de Recursos Marisqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre a presentación de solicitudes relativas aos permisos de explotación a pé de marisqueo xeral e de recursos específicos, neste formulario se marcará:

- A confraría/ entidade de pertenza.
- A modalidade do permiso sobre o que se quere facer o trámite (Marisqueo xeral).
- Na sección do obxecto da solicitude: a actuación concreta que se pretenda realizar (Renovación).

As solicitudes virán acompañadas da documentación xustificativa necesaria en cada caso, e que se detalla ao longo da presente Resolución.

Logo da solicitude, as actuacións posteriores que podan xurdir durante a tramitación do procedemento (Emenda ao requirimento, achega de documentación separada, alegacións, etc.) presentaranse tamén de xeito electrónico a través das accións asociadas a solicitude inicial,





accedendo na SEDE a "A miña sede", localizando a solicitude e seleccionando en "Accións" a actuación a realizar.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegarse o formulario normalizado correspondente de representación (Dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá asinarse pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante nas presentacións é a titular do permiso.

2. Xustificante de ter aboado a taxa correspondente (10,06 euros), agás no caso de que o pagamento se realizase de forma telématica.

3. Para acreditar ter realizado actividade extractiva suficiente, a información relativa ás vendas en lonxa ou punto de venda autorizado realizadas durante o ano natural inmediatamente anterior (2022), será a que figure en poder da Consellería do Mar.

4. Certificado da entidade titular do plan de xestión no que se faga constar a porcentaxe dos días dedicados no ano 2022 para o traslado de semente, a limpeza de bancos marisqueiros, así como as actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción e os traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, sempre que estivese recollido no plan de xestión aprobado. Este certificado incluírá a información establecida no apartado 3b) do artigo 12º da Orde do 15 de xullo de 2011, é dicir:

- As datas dedicadas pola persoa solicitante ás tarefas relacionadas anteriormente, expresando en todo caso os días e meses en documento selado e asinado polo/presidente/presidenta da agrupación sectorial, de estar constituída ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa.
- A información necesaria sobre o desenvolvemento das actividades que permita calcular se a persoa solicitante cumpre a porcentaxe necesaria para renovar o permiso de explotación.

5. Informe de vida laboral, con data do mes da solicitude, no que conste o período en que a persoa solicitante estivo dada de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería do Mar consulte estes datos.

6. De ser o caso, documentación xustificativa da inactividade por causa de forza maior, violencia de xénero, incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural.





7. Certificado da Seguridade Social que acredite non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, a favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. A presentación desta documentación non será necesaria no suposto de consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería do Mar consulte estes datos.

8. De ser o caso, os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control da actividade extractiva terán a consideración de días de actividade marisqueira para os efectos de renovación do permiso de explotación a pé e computarán para a dita renovación cando coincidan cun día de actividade extractiva. Neste caso, deberán achegar certificación en que se faga constar os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control da actividade extractiva. O documento será asinado polo/a presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa e incluírá a información necesaria que permita comprobar se a persoa solicitante asistiu ás ditas actividades.

9. O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para os traballadores autónomos de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Xunto á documentación requirida e no mesmo prazo de presentación, as entidades asociativas do sector deberán achegar unha certificación dos días hábiles de extracción na modalidade , por mes traballado durante o ano 2022.

Renovación dos permisos de explotación que se atopan en situación de suspensión temporal da súa vixencia.

Lémbrese que todas aquelas persoas que teñan concedida a suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación e que continúen na situación que levou á súa concesión, deberán solicitar a prórroga da dita suspensión xunto coa renovación do seu permiso de explotación. Para iso, deberán achegar, ademais da documentación necesaria para a renovación:

- Aquela que acredite que se mantén a situación que levou á concesión da suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación.
- Certificado da entidade titular do plan de xestión, conforme o/a solicitante está ao día nas súas obrigas como socio/a da confraría, entidade ou agrupación na que estea integrada.



Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura territorial da Consellería do Mar en Celeiro - Lugo e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se expoñerá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Agrupación de Mariscadoras de San Cosme de Barreiros e nas confrarías de pescadores de Celeiro e O Vicedo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes un recurso de alzada ante Conselleira do Mar contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da citada Lei 39/2015.

O xefe territorial

PS.: A xefa do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
(Resolución do 15/07/2021 da Conselleira do Mar)
(asinado dixitalmente)

María Nazaret Díaz Rifón

